Foi moito home de Deus
Antón Martínez Aneiros

Xaquín Campo Freire

Advertencia inicial

Antón Martínez Aneiros foi ese home que eu coñecín, co que colaborei, ao que sucedín e que, sen estarmos sempre xuntos, a vida destinounos a encontrármonos en camiños con retos e desafíos semellantes. Son unha testemuña presencial desa nosa historia que tamén estivo nese lugar e neses intres concretos. Só iso. Non teño máis méritos. Tocoume. Por iso digo e con razóns: foi moito home de Deus!

Lectura cristiá dunha realidade e dunha temporalidade: un lugar teolóxico, que revela o acontecer cotián de Deus

Antón Martínez Aneiros naceu no Val (Narón) o 3 de xuño de 1933 e foi ordenado sacerdote o 14 de marzo de1959. O seu, a súa opción fonda de vida foron os pobres do Reino de Deus, a súa xustiza. E así o deixa testemuñado nos seus escritos, ditos e obras. En palabras del mesmo: «Con defectos coma todos, pero tamén con claridade, sei cal foi a opción e o compromiso que a vida me foi presentando. E fun respondendo o mellor que souben e puiden en cada etapa da miña vida».

Foi un educador e promocionador de persoas. A lectura Carl R. Rogers, coa súa énfase en aceptar a persoa tal como é e se presenta e confiar nela, seduciuno e axudoulle a afondar e vertebrar axialmente a súa vida, colocando sempre no centro a persoa, antes ca

o problema. Logo, no ver, discernir e actuar, con paciencia, amor e sen perder a esperanza ía seguindo sistematicamente o quefacer cotián dos procesos concretos, persoais ou grupais.

Antón foi un importante promotor de estruturas con moita iniciativa e creatividade. Sempre estivo creando grupos para formar comunidades máis xustas, equitativas e con autonomía. Comezando desde abaixo cara a arriba: a comunidade de veciños, a gardaría infantil, a coral, a escola de gaitas, o fogar dos anciáns, o primeiro Secretariado Xitano para a acollida ao pobo xitano, coa xestación e xestión das primeiras infraestruturas para asentaren e saíren da condena secular da transhumancia. Tamén as súas primeiras escolas, Cáritas Parroquial, o coidado das liturxias como escola de fraternidade e achegamento de solidariedade –principalmente ante a enfermidade, morte ou infortunios–, o sentido da festa parroquial, os grupos XOC e HOAC, as escolas, o deporte, o templo sempre aberto para a acollida para asembleas e reunións da comunidade civil con boa relación e comunicación mutua.

San Paulo de Catabois. O home e o sacerdote dos pobres da barriada

Antón foi nomeado párroco deste barrio creado sen proxecto e con grandes problemas estruturais, o 22 de setembro de 1964. Para entender mellor a parroquia desde dentro, foi vivir alí día e noite ao longo dos anos. «A súa casa era e foi sempre para todos nós como doutro irmán» dicía a xente, e así o sentían. Antón era para eles «alguén», unha persoa importante que lles facía caso, non lles torcía a cara e escoitábaos. E queríaos. E os valores humanos aparecían a flor de pel en cada persoa, familia e no conxunto.

Ante as precariedades daquela realidade, miseria e pobrezas de todo tipo, Antón foi parte moi activa na defensa da vida e no dereito de manifestación. Non sempre foi comprendido e ben caro o pagaría, sempre perseguido e moitas veces abandonado.

Delegado diocesano de Cáritas e a súa intervención na asemblea nacional en Madrid

Antón presentou no Consello Nacional con moita forza unha moción de cambio de posición, dado o problema que había en Ferrol coa conflitividade laboral e a súa represión, persecución e exclusión *inmisericorde* e con crueldade polo sistema. Como consecuencia, abriuse un debate moi profundo apoiado por moitas outras Cáritas de España e isto obrigou a un cambio total na práctica e nos principios que lle dan razón de ser á mesma de Cáritas. Houbo un cambio de persoas e modificacións estruturais.

1972. Amador e Daniel. O enterro dos mártires do traballo

No contexto da negociación dun Convenio Colectivo que terminou nun forte conflito laboral, a representación legal dos traballadores foi ignorada e fortemente reprimida e militarizada por seren estaleiros para a Mariña militar, nunha manifestación con motivo dunha folga xeral as forzas da orde abateron a dous dos manifestantes: Amador e Daniel, das Vivendas Sindicais de Catabois, fregueses de Antón por tanto, que era o capelán do cemiterio.

No enterro da tarde que eu puiden presenciar –no da mañá impediron a entrada– o acto foi así:

> «No nome do Pai etc. Amén. Irmáns tócanos dar sepultura a un fregués e irmán noso que non debería morrer. Morreu por disparos nun acto de reivindicación estritamente laboral que rematou en conflito colectivo e en traxedia cando estaban a negociar a actualización dos seus salarios e condicións de traballo para levar ás súas casas o pan familiar de cada día que suplicamos todos a Deus na oración evanxélica do Pai Noso, que nos ensinou o mesmo Xesús de Nazaré. Estamos ante un mártir do mundo do traballo. Ante os mártires só cabe unha postura, poñerse de xeonllos, en silencio e humildemente rezar arrepentidos a oración: Pai Noso […]
>
> Bendicimos os seus restos mortais e nestas horas difíciles poñémolo a el, á súa familia, ao sufrido mundo do traballo e ás súas

> familias e a nós nas mans de Deus. Acompañemos esta última peregrinación en silencio e deixemos que Deus nos fale ás nosas conciencias. Amén.

Chovera. O chan era de terra e estaba húmido, mesmo había algunhas fochanquiñas con auga. Por suposto saímos todos de alí cos pantalóns mollados e cheos de areas. E do cemiterio xa axiña conduciron a Antón para o Penal da Coruña.

Compañero del alma, compañero.

Antón Martínez Aneiros actuou sempre con coherencia e autenticidade. Como alcalde, o primeiro da democracia. Á fronte do Proxecto Narón onde puxo as bases dunha nova xeira democrática. Como deputado autonómico, por unha Galiza nova e democrática, para superar o «comasemprismo» do caciquismo. Como humanista, o veciño que vive construíndo sempre o *vicus* (palabra que en latín significa aldea, poboación pequena, casarío ou barrio).

Antón, sempre seguirás sendo o veciño necesario da contorna, o compañeiro que sempre está aí sorrindo cando precisas del. E, talvez, non o verás se todo che sorrí e che vai ben. Pero el si que te estará seguindo. Será coma un trazo de unión de moitas vidas, cheas de vida en cada home e muller, e xuntos pasan pola vida creando vida comunitaria. Un home que soubo saír a tempo dos cargos e sen hipotecar o labor dos seguintes. Sen estorbar a sagrada liberdade de persoas nin de grupos, e soubo retirarse sen eclipsar.

O esposo e pai de familia

Marisa e Antón, no comezo da súa compaña xuntos, plantaron eles dous un castiñeiro. E naceron Ruth, Judith e Sabela. E viñeron as seguintes xeracións. E o castiñeiro tamén foi medrando e foi dando nos anos seguintes froitos aneiros cos seus ourizos. Marisa e «as nenas». E os fillos e fillas deles cortaron agora con moita dor unha póla, gallada en dúas, con varios ourizos aínda en

formación. E ese foi o signo elixido por Marisa para simbolizar o moito froito que deixan sementado que representaba á familia, e en todo momento sobresaíu sobre o féretro e logo arrodeando a urna das cinsas.

No adro do templo de Santa María Maior do Val. Narón

Himno galego en silencio e emocionados. O adro e o templo cheos de amigas e persoas queridas e agradecidas.

A misa-funeral foi un acto ecuménico e fondamente relixioso e ecolóxico. No galego das nosas Galizas profundas, de aquí e das diásporas de todos os tempos, non sempre queridas e valoradas incluso polo noso NÓS común e comunitario. E xa que el, Marisa e familia me cargaron con esta confianza, eu quixen centrarme máis no home e nas súas ancoraxes. Na súa vertebración interior. Nos seus valores e significados. Pero hai moita esperanza. Esta foi unha simple achega a esa póla gallada de castiñeiro.

Iso foi Antón. Unha doazón e entrega continuada con alegría, coa a suavidade do evanxeo pero coa firmeza das Benaventuranzas: «Felices os que sofren polo Reino de Deus e a súa Xustiza, porque deles é o verdadeiro Reinado de Deus».

A señora alcaldesa dona Marián Ferreiro, emocionada e con palabras cheas de sinceridade, cerrou ao acto de despedida.

E eu gustaría de que aparecese ese libro, a modo de gran mosaico sempre aberto, que é capaz de recoller todas as teselas desa vida. E el será posible? Antón Martínez Aneiros é merecente.

Xaquín Campo Freire